

ACTIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

Programa municipal de

MATRÍCULAS

● **Inscrición:** Do 14 ao 18 de setembro de 2015. A inscrición realizarase na mesma piscina que lle corresponda segundo a actividade (os cursillistas da Fábrica deberán inscribirse na piscina de Perillo). Os formularios repartiranse a partir do 10 de setembro nos centros de ensino e máis estarán á vosa disposición en calquera das catro piscinas. Debedes levar cuberta a ficha de inscrición anexa polas dúas caras, onde debe constar o voso número de conta para realizar os correspondentes pagos mensuais (por domiciliación bancaria).

Para darse de baixa no curso, deberedes comunicalo na recepción da vosa piscina antes do día 20 de cada mes, evitando así o cargo do recibo do mes seguinte na entidade bancaria.

● **Sorteo:** Dado que as prazas son limitadas, se fose preciso, éstas distribuiranse segundo o resultado dun sorteo público o día 21 de setembro (ás 14:00 horas, no auditorio do centro cultural da Fábrica). Non obstante, en caso necesario, abríranse novos grupos para intentar dar acollida a toda a demanda escolar (sempre que fose posible).

● **Prezos Públicos:** - Educación Infantil: 9'48 €/mes
- Educación Primaria: 7'12 €/mes

As familias numerosas aplicaráselles os correspondentes descontos segundo a legislación actual vixente. Nestes casos a inscrición debe ir acompañada dunha fotocopia do correspondente título emitido pola Delegación Provincial da Consellería de Familia, e debedes deixalo indicado na folla de domiciliación, co obxecto que a empresa xestora realice o desconto oportuno. (Esta cantidade poderá variar lixeiramente durante o curso en función da actualización do IPC anual).



■ Piscina municipal de Oleiros
Telf. 981 611 338



■ Piscina municipal da Fábrica
Telf. 981 634 030



■ Piscina municipal de Dorneda
Telf. 981 614 430

Programa municipal de

ACTIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

2015-2016



ACTIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

2015-2016

Programa municipal de

O programa municipal de actividade acuática escolar terá lugar nas piscinas municipais da Fábrica, Oleiros e Dorneda desde o 1 de outubro de 2015 ao 10 de Xuño de 2016, a actividade terá carácter anual, realizando unha sesión semanal durante todo o curso académico e coincidindo co propio calendario escolar do centro.

Actividade acuática en Educación INFANTIL

O obxectivo do programa de actividade acuática infantil é contribuir o desenvolvemento integral do/a neno/a como complemento da motricidade básica, mellorando as capacidades físicas, así como contribuir á súa maduración nos eidos cognitivo, perceptivo-motriz, expresivo-comunicativo, afectivo e de relación cos demais.

Son contidos do programa a familiarización coa auga a través do xogo; a adaptación ao medio acuático; a respiración; a propulsión e búsqueda de formas de desprazamento segundo a necesidade de movemento; o mergullo e a inmersión; a mellora da capacidade de coordinación; os bos hábitos en relación coa hixiene corporal, o aseo persoal, as normas de comportamento, a coeducación e a integración cos compañeiros...

Actividade acuática en Educación PRIMARIA

Os eixos básicos da actividade acuática para primaria son os seguintes: contribuir ao desenvolvemento das habilidades e destrezas motrices básicas para conseguir un dominio corporal e postural; coñecer a relación entre a actividade acuática e o tempo libre; consolidar bos hábitos hixiénicos e de saúde, manifestando unha actitude positiva cara aos compañeiros e ás compañeiras e de bo comportamento nas instalacións; fomento de hábito de exercicio físico en relación coa saúde e contra a obesidade e o sedentarismo.

Son contidos do programa para primaria: a mellora do control tónico-postural, o equilibrio; a mellora da lateralidade, a orientación espacial e temporal; a mellora das habilidades e das destrezas motrices básicas acuáticas (desprazamentos, mergullos, lanzamentos-recepcións e xiros); a mellora da capacidade de coordinación das accións motrices básicas, a propulsión; a práctica do xogo recreativo reglado e a mellora do ritmo da respiración.



RECOMENDACIÓNS BÁSICAS

Lémbrede que os/as nenos/as teñen que levar: **bañador, gorro, chanclas e toalla** (este material é obligatorio) e **optativamente as gafas**.



Como norma xeral, en cada unha das piscinas nas que se desenvolve o programa, un responsable da empresa concessionaria reunirá o grupo no vestíbulo da entrada á piscina, onde pasará lista e posteriormente acompañará ao grupo aos vestiarios que lle corresponda. Cada instalación organizará a entrada nos vestiarios como considere oportuno, para lograr unha total operatividade.

No caso dos grupos de infantil, irán acompañados por un adulto responsable e utilizarán o vestiario que lle corresponda segundo o sexo do alumno.

Os nenos maiores de 6 anos deberán cambiarse tamén no vestiario que lles corresponda (masculino, feminino ou habilitado para nenos/grupos), e entrarán acompañados por un adulto sempre que os responsables da actividade o consideren necesario para o control do mesmo.

Se algunha nai ou pai tivese interese en mudar de grupo e horario ao seu fillo deberá comunicalo na recepción da piscina, onde analizarán as posibilidades de realizar o troco en función das prazas vacantes.



PROGRAMA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE ACUÁTICA ESCOLAR

Centros de ensino público de primaria e educación infantil

Comezo: 1 de outubro 2015 / Remate: 10 de xuño 2016

PISCINA MUNICIPAL DA FÁBRICA (inscricións na piscina de Perillo)

Hora	luns	martes	mércores	xoves	venres
17:10	CEIP Valle Inclán 4º, 5º e 6º curso 24 prazas	CEIP Valle Inclán 1º curso 24 prazas	CEIP Valle Inclán 4º E. Infantil 24 prazas	CEIP Valle Inclán 6º E. Infantil 16 prazas	CEIP Valle Inclán 2º e 3º curso 18 prazas
18:00	CEIP Valle Inclán 4º, 5º e 6º curso 18 prazas	CEIP Valle Inclán 2º e 3º curso 24 prazas	CEIP Valle Inclán 5º E. Infantil 24 prazas	CEIP Valle Inclán 6º E. Infantil 16 prazas	

PISCINA MUNICIPAL DE OLEIROS

Hora	luns	martes	mércores	xoves	venres
16:00	CEIP Rabadeira 1º e 2º curso 36 prazas	CEIP Rabadeira 3º e 4º curso 36 prazas	CEIP Rabadeira 5º e 6º curso 27 prazas	CEIP Nós 5º e 6º curso 27 prazas	CEIP Nós / E. Inf. 1º e 2º curso 36 prazas
16:50	CEIP Rabadeira 4º E. Infantil 24 prazas	CEIP Rabadeira 5º E. Infantil 24 prazas	CEIP Rabadeira 6º E. Infantil 24 prazas	CEIP Nós 3º e 4º curso 27 prazas	

PISCINA MUNICIPAL DE DORNEDA

Hora	luns	martes	mércores	xoves	venres
16:30	E. Infantil Luis Seoane 24 prazas	CEIP Parga Pondal 1º, 2º e 3º curso 27 prazas		E. Infantil Parga Pondal 24 prazas	CEIP Luis Seoane 1º, 2º e 3º curso 36 prazas
17:20	E. Infantil Luis Seoane 24 prazas	CEIP Parga Pondal 4º, 5º e 6º curso 27 prazas	CEIP Parga Pondal 1º, 2º e 3º curso 27 prazas	E. Infantil Parga Pondal 24 prazas	CEIP Luis Seoane 1º, 2º, e 3º curso 36 prazas
18:10					CEIP Luis Seoane 4º, 5º e 6º curso 36 prazas